

PERANTE A DELEGACIÓN TERRITORIAL DA XUNTA DE GALIZA EN OURENSE

Plácido Valencia Rodríguez, maior de idade, con D.I. nº 34.990.777A, en cualidade de Presidente do Comité de Empresa da Vidreira do Atlántico, S.A. e enderezo a efectos de notificacións na vila de Xinzo da Limia, Casa Sindical, Parque do Toural s/n (CP 32630), do Concello de Xinzo da Limia (Fax. 988611647), perante a **DELEGACIÓN TERRITORIAL DA XUNTA DE GALIZA EN OURENSE** comparezo e **DIGO**:

Que con data 1 de Xullo do 2009 a Asemblea de Traballadores/as da Vidreira do Atlántico tomou o acordo, por 75 votos a favor e nengún en contra, de iniciar a recollida de sinaturas, instando ao Comité de Empresa, á que convoque unha Asemblea Xeral de revogamento dos Delegados de CCOO e CSIF: don Camilo Barge Ramos e dona Rosa Díaz Ramos.

Que os motivos expostos por varios traballadores/as e, finalmente, aprobados pola Asemblea, para propor o citado proceso revogatorio son os seguintes:

- Promoción dun referendo, o pasado 25 de Xuño, convocado de costas ao Conxunto dos traballadores/as e suplantando as competencias dos representantes legais dos mesmos.
- Formulación de denuncias falsas contra as persoas que exercen o seu dereito á folga.
- Desprezo e con travención permanente dos acordos que se adouta o Comité de Empresa para saír do Conflito no que nos atopamos.

Que, tras a recollida de sinaturas, peticiónada pola Asemblea do día 1 de Xullo do 2009, 76 operarios/as da Vidreira (de 131 segundo o último censo entregado pola empresa) solicitaron ao Comité de Empresa a convocatoria dunha Asemblea Xeral, co obxecto de dar inicio a un proceso de revogamento dos Delegados de Persoal e Membros do Comité de Empresa: Don Camilo Barge Ramos (CCOO) e Dona Rosa Díaz Ramos (CSIF).

Que, dacordo co solicitado, como Presidente do Comité de Empresa, tomei as seguintes decisións:

- Convocar ao Comité de Empresa, para o día 13 de xullo (luns), ás 11 horas, no local sindical da Vidreira do Atlántico, a efectos de tratar, como único punto da orde do día, a solicitude de revogamento dos dous delegados de persoal e, no seu caso, as accións a levar adiante para implementala.
- Convocar, vía burofax aos delegados propostos para ser revogados, informándoos dos dereitos que os asisten.
- Convocar a un representante de cada sindicato con presenza no Comité de Empresa, aos efectos oportunos: CIG, CCOO e CSIF.

- Comunicar á empresa da convocatoria do organismo para o 13 de xullo, así como dos puntos da orde do día e asistentes externos ao mesmo.

Por todo o exposto,

SOLICITO:

Que, por presentado este escrito, coas copias das 76 sinaturas que se achegan, se teña por comunicada, á Delegación Territorial da Xunta de Galiza en Ourense, a solicitude de revogamento dos delegados de persoal de CCOO e CSIF e membros do Comité de Empresa: Don Camilo Barge Ramos e dona Rosa Díaz Ramos, formulada por 76 traballadores/as da Vidreira do Atlántico, S.A., así como a convocatoria do Comité de Empresa para o día 13 de Xullo do presente, co obxecto de tratar e, no seu caso, implementar os trámites axeitados para dar inicio ao proceso de revogamento petitionado.

Que, asemade, se require que, a Delegación Territorial, faga as notificacións oportunas á Dirección da Empresa Vidreira do Atlántico, S.A. e ás centrais sindicais afectadas pola proposta de revogamento (CCOO e CSIF).

En Xinzo a 3 de Xullo do 2009

Asdo. Plácido Valencia Rodríguez